

## **13. LIGA 1ª DIVISIÓN CADETE FEMININA**

### **13.1. EQUIPOS PARTICIPANTES**

Participarán os seguintes 16 equipos:

- Os 8 clasificados que conformaban a Liga de 1ª División Cadete Feminina na tempada anterior e non descenderon.
  - Os 2 equipos ascendidos da 2ª División Cadete Feminina.
- Os equipos clasificados da Fase Clasificatoria da tempada 2017-18 (6 equipos)

### **13.2. COMPETICIÓN CADETE**

A competición dividirase nas seguintes Fases: Primeira fase, Segunda fase, Finais A4 e Copa Federación.

### **13.3. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS**

31 de xullo ás 13.00 h.

Fase Clasificatoria: 31 de xullo ás 13.00 horas.

Todos os equipos que se inscriban nesta categoría deberán ter inscrito ou vinculado un equipo infantil feminino.

### **13.4. XOGADORAS**

A data límite para dar de alta xogadoras nesta categoría será a do 28 de febreiro do 2018. Excepcionalmente, permitirase que como máximo tres xogadoras pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñadas tanto na liga como na copa.

Nesta categoría permitirase un máximo de 12 xogadoras e un mínimo de 8.

### **13.5. ARBITRAXES**

As arbitaxes serán autonómicas.

### **13.6. LIGA PRIMEIRA DIVISIÓN CADETE FEMININA**

#### **Primeira Fase:**

Os 16 equipos dividiranse en dous grupos de oito equipos cada un (Norte e Sur) distribuídos por proximidade xeográfica (14 xornadas).

#### **Segunda Fase:**

Os equipos clasificados do 1º ao 4º de cada un dos grupos formarán o grupo A-1 (e xogarán polo título) e os clasificados do 5º ao 8º conformarán o A-2 (xogarán polo descenso) por sistema olímpico (valendo os resultados da 1ª fase).

O equipo clasificado en primeiro posto da competición unha vez rematada a liga obterá unha praza para a Fase Final do Campionato de España da categoría e será considerado o campión galego da categoría

### **13.7. FINAIS A 4**

Os equipos clasificados nos postos 2º ao 5º do grupo A-1 disputarán a “Final a 4”.

Os equipos clasificados nos postos 2º ao 5º do grupo A-2 disputarán a “Final a 4B” en igual formato que o grupo A-1. O gañador desta “Final a 4B” manterá a categoría.

O 1º clasificado do grupo A-2 disputará a Final da Copa Federación co equipo clasificado no 6º posto do grupo A-1.

#### FORMA DE XOGO

Os catro equipos clasificados xogarán en réxime de concentración de dous días, no formato seguinte:

1º día en horario de tarde:

2º posto - 5º posto (X)

3º posto - 4º posto (Y)

2º día:

Gañador X – Gañador Y (2º-3º posto)

1º ou 2º día:

1º Grupo A-2 – 6º Grupo A-1 (Final Copa Federación).

Esta Fase dará acceso ás seguintes prazas que asigne á FEB a Federación Galega de Baloncesto para o Campionato de España da categoría. A clasificación do 4º posto en diante farase segundo a clasificación da liga regular.

Para designar a sé desta Fase a 4, a FGB a través do seu Comité de Actividades emitirá unha circular para a organización da mesma.

### **13.8. ASCENSOS E DESCENSOS**

Ascenderán á 1ª División Cadete Feminina os equipos reflectidos nas Normas de Competición da 2ª División Cadete e os clasificados da Fase Clasificatoria na tempada 2017-18.

Os equipos clasificados nos postos 11º ao 16º descenderán ao Campionato Cadete de 2ª División.

Participarán na Fase Final do Campionato de España os equipos que recolla a normativa establecida para esta competición pola Federación Española de Baloncesto.

## **DATAS DE SORTEO E XOGO**

### **Datas de Sorteo:**

Liga: 10 outubro ás 18:00 horas na sede central da FGB.

### **Datas de xogo:**

Outubro: 15, 22, 29

Novembro: 12, 19, 26

Decembro: 3, 17

Xaneiro: 14, 21, 28

Febreiro: 4, 11, 18, 25

Marzo: 4, 11, 18

Abril: 8, 15, 22, 29

Fase Final a 4: 6 de maio.

## **13.9. HORARIO DE XOGO**

Os encontros terán que disputarse nas seguintes bandas horarias:

Sábados: 10.00, 12.00 16.00, 18.00 ou 20.00 horas e domingos: 10.00, 12.00, 17.00 e 19:00 h.

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB a conformidade do equipo contrario.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo as 10.00 h, ou o domingo ás 19.00 horas, e o equipo visitante así o requira, terá que fixarse como horario de xogo ás 12.00 h ou as 16.00 h, 18.00 h ou 20.00 horas se é sábado e as 12.00 ou as 17.00 horas se o encontro se disputa en domingo, sempre que o equipo que se despraza o faga dende máis de 100 km de distancia, previa solicitude por escrito con, polo menos, 7 días de antelación.

### **Recomendacións:**

Recoméndase aos clubs participantes que, no posible, designen como horario de xogo os sábados pola tarde, o que evitaría problemas arbitraris.

### **Modificacións de data, campo e horario:**

<b>Obxecto Modificación</b>	<b>Prazo Recepción</b>	<b>Conformidade</b>	<b>Cota</b>
Data	Máis de 1 mes	Si	00,00
Campo	Máis de 1 mes	Non	00,00
Hora	Máis de 1 mes	Non	00,00
Data	Máis de 15 días	Si	00,00
Campo	Máis de 15 días	Non	00,00
Hora	Máis de 15 días	Si	00,00
Data	Máis de 9 días	Si	45,00
Campo	Máis de 9 días	Si	45,00
Hora	Máis de 9 días	Si	45,00

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB o día da petición, a cota de 75,00 euros e a conformidade do equipo contrario.

### **13.10. TERREO DE XOGO**

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a tempada. Neste terreo de xogo disputaranse os seus encontros e deberá reunir as condicións e estar catalogado como NIVEL 1 dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Non se admitirán en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión dese encontro por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá realizarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo.

Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, deberá celebrarse o encontro dentro do prazo sinalado anteriormente e nunha pista cualificada co mesmo Nivel. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen descontarlle puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A FGB recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, empreguen nestes canastras de pé, así como que teñan reposto de taboleiros para o caso de rotura accidental.

Os clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadoras e árbitros no que respecta ás instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeporativos no transcurso da actividade.

### **13.11. BALÓN OFICIAL DE XOGO**

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

### **13.12. OBRIGAS ESPECÍFICAS**

#### **COMUNICACIÓN DE RESULTADOS**

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso.

### **13.13. COPA FEDERACION**

A Federación Galega de Baloncesto organizará a Copa Federación de 1ª División Cadete Feminina.

Disputarán a Copa Federación os campión do grupo A-2 e o 6º clasificado do grupo A-1 un dos días de celebración da Final A4.

### **13.14. FASE CLASIFICATORIA**

Participarán todos os equipos que se inscriban antes do 31 de xullo do 2017. No caso de que houberse equipos con dereito a praza na 1ª División e non se inscribisen no prazo regulamentario, estas prazas engadiranse ás primitivamente asignadas á Fase Clasificatoria.

O Comité de Actividades, en base ás inscricións recibidas deseñará un sistema de competición no que se clasificarán dous equipos para disputar a Liga de 1ª División Cadete Feminina.

#### **DATAS DO SORTEO E XOGO**

Data de sorteo: 21 agosto ás 17.00 horas.

Datas de xogo: Datas de xogo (poderanse fixar como dobres xornadas)

Setembro: 3, 10, 17, 24,

Outubro: 1, 8.

Os equipos inscritos para esta fase poderán renunciar a xogala con 7 días de antelación á data do sorteo. Caso de facelo posteriormente a esta data a súa renuncia será comunicada ao Comité Disciplinario competente.